Aprobación da programación inicial.- A Deputación Provincial da Coruña, tras os informes previos e estudos técnicos formulados polo Servizo de Infraestruturas e Conservación, e mediante os correspondentes acordos plenarios poderá acordar a aprobación de sucesivas fases do plan conforme aos trámites regulados nas presentes bases.

Serán criterios obxectivos para seleccionar os proxectos de travesías os seguintes:

- a) Perigosidade da estrada. Existencia de puntos negros
- b) A necesidade de ampliación ou de variantes
- c) O estado do firme
- d) A intensidade media do tráfico
- e) A necesidade de comunicación entre núcleos de poboación
- f) A circulación intensa de vehículos pesados

Para estes efectos o Pleno da corporación acordará a aprobación da programación inicial da correspondente fase do plan, que incluírá os proxectos que serán remitidos aos concellos nos termos da base 3^a.

3.-Tramitación.-

3.1.-Remisión de proxectos.-A deputación, dentro do prazo de 5 días contados dende a aprobación da programación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, remitiralle ao concello unha copia do proxecto de travesías que lle afecte, incluída na respectiva fase.

3.2.-Adopción de acordos polos concellos.-Os concellos no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción dos proxectos remitidos pola deputación, deberán enviarlle á deputación a seguinte documentación:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que

por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter meramente orientativa por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

- a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.
- b) Conformidade coas presentes bases.
- c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.
- d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.

4.-Modificación dos proxectos.-

Os concellos, dentro do prazo establecido na cláusula anterior, poderán redactar, en coordinación co Servizo de Infraestruturas e Conservación da deputación, a modificación do proxecto aprobado na programación inicial. A modificación referirase unicamente e exclusivamente á variación no número de unidades de obra ou de instalacións ou modificación que supoñan un maior número de metros lineais de actuación.

Estes proxectos deberán comprender toda a documentación a que se refire o art. 124 do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e artigo 125 a 133 do seu regulamento. A partir do 30-4-2008 o art. 107 da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

O proxecto, acompañado dunha memoria xustificativa onde se expliquen as modificacións introducidas deberá presentarse no prazo indicado na base 3ª.

En calquera caso o maior custo de obra que se derive da modificación do proxecto deberá ser asumido polo concello, para estes efectos xunto co proxecto e memoria acompañarase, ademais a documentación referida na base 3ª, o correspondente

acordo plenario polo cal o concello se compromete a financiar o maior custo da obra e expropiacións respecto á inicialmente prevista, aboándolle o dito importe á deputación no prazo máximo de 3 meses contados dende a adxudicación da obra, facultando así mesmo á deputación a que perciba este importe mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.

Someterase a supervisión dos servizos técnicos da deputación a modificación do proxecto. Para que o proxecto poida incluírse na aprobación provisional da correspondente fase do plan requirirase o informe favorábel dos ditos servizos técnicos.

5.-Aprobación provisional.-

5.1.-Transcorrido o prazo a que se refire a base 3ª, o Pleno da deputación poderá acordar a aprobación provisional da correspondente fase do Plan de travesías 2008-2011, daqueles proxectos que se axustan ao disposto nas presentes bases e tras a existencia previa de crédito adecuado e suficiente.

5.2.-Quedarán excluídos da correspondente fase do plan aqueles proxectos de travesías que se encontran nalgunha das situacións que a continuación se indican:

A) Nos supostos de que o concello respectivo non presentara a documentación esixida da cláusula 3ª ou a documentación presentada resultara insuficiente ou incompleta.

B) Nos casos en que a documentación esixida na base 3ª fose presentada fóra de prazo.

C) Nos supostos de modificación de proxecto a que se refire a base 4ª, cando este non se axuste aos requisitos establecidos na citada base.

6.-Exposición pública e aprobación definitiva.-

Os proxectos que integran a correspondente fase do Plan de travesías unha vez aprobados provisionalmente serán sometidos a información pública por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran en caso de non presentarse reclamacións.

7.-Contratación das obras e financiamento.-

A deputación contratará, dirixirá e inspeccionará as obras e financiaraas nos termos previstos nas presentes bases e acordos plenarios de aprobación das distintas fases do plan.

Ademais dos supostos de cofinanciamento establecidos nas presentes bases, a deputación de mutuo acordo cos concellos, poderá acordar que para o financiamento de determinadas obras ou fases do Plan de travesías, os concellos financiarán nunha porcentaxe a execución das obras, en cuxo caso os concellos deberán adoptar o correspondente acordo plenario polo que se compromete ao cofinanciamento das obras, debendo efectuar a súa achega no prazo de 3 meses

contados dende a adxudicación das obras, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo aos importes que lles puidesen corresponder aos distintos plans da deputación até satisfacer a totalidade da débeda.

Calquera incremento do prezo do contrato derivado de modificacións do contrato, reformados, revisión de prezos, liquidacións, etc., será aboado pola deputación e, no seu caso, polo concello, de acordo coas porcentaxes de financiamento dos proxectos iniciais.

No suposto de que a deputación teña que indemnizar a un contratista como consecuencia dunha resolución de contrato motivada por imposibilidade de terreos, falla de autorizacións ou permisos ou por calquera outra causa imputábel aos concellos, o concello deberá indemnizarlle á deputación os danos e perdas que se ocasionen.

A deputación, en casos excepcionais e por causas debidamente motivadas, poderá acordar mediante acordo plenario e simultaneamente coa aprobación da programación inicial ou a aprobación provisional dentro da correspondente fase do Plan de travesías, que o custo derivado da adquisición de terreos mediante expropiación ou por compravenda necesario para executar algunha obra concreta de travesías a aboe na súa totalidade ou nunha porcentaxe determinada a deputación e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

8.-Acta de entrega.-

Finalizadas as obras, a deputación, unha vez formalizada a acta de recepción das obras e no prazo de 1 mes entregaralles aos concellos as obras e instalacións da travesía. Para estes efectos formalizarase a correspondente acta de entrega e a partir deste momento producirá efecto a mutación demanial, quedando a travesía de titularidade municipal.

En caso de que o concello non asine a acta de entrega, dentro do prazo indicado no apartado anterior, a deputación efectuaralle un requirimento ao concello advertíndoo de que no suposto de que transcorridos 15 días dende o dito requirimento sen que o concello entregase na deputación a acta de entrega asinada, a deputación considerará entregada tacitamente a obra, dándoa de baixa no inmovilizado material, e non asumindo dende a citada data ningunha obriga en relación coa travesía.

9.-Conservación e mantemento.-

A partir da data de entrega ou transcorridos os prazos a que se refire o último parágrafo da cláusula 9ª, o concello asumirá os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento das obras, servizos e instalacións da travesía, sen prexuízo da responsabilidade do contratista durante o prazo de garantía.

10.-Convenios.-

A deputación e os concellos formalizarán os correspondentes convenios en desenvolvemento das presentes bases e que se deriven da aprobación definitiva das

distintas fases do plan e conforme ás presentes bases e acordos plenarios respectivos, e dentro do prazo de 1 mes contado dende a aprobación definitiva da fase do plan.

11.-Exposición das presentes bases.-

As presentes bases quedan expostas ao público dentro do prazo de 15 días contados dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobadas no caso de que non se presentasen."

2) Expoñer ao público o Texto refundido das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2008-2011 mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 15 días de exposición pública e se non se presentan reclamacións consideraranse definitivamente aprobadas.

3) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE cun orzamento total de 7.525.002,13 .- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 3903 TARREO DO BLANCO A VILAMATEO POR AMBROA P.K. 6,69 AO 7,17. VILARMAIOR.	210.603,90
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 3603 FERROL A COBAS P.K. 8,37 A 9,78. FERROL	777.421,73
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5004 DE CASAL DE ARRIBA Á FEIRA DO TRES P.K. 4,85 AO 5,34. VILARMAIOR.	376.235,87
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 1502 PORTO A LARAXE, P.K. 0,0 AL 1,1. CABANAS.	881.014,65
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8901 A GAIOSA Á PONTE DE SARANDÓN P.K. 2,79 AO 3,37. VEDRA".	472.334,24
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0701 SANTIAGO A SANTA COMBA P.K. 20,57 AO 21,95. VAL DO DUBRA".	987.838,74
SANEAMENTO NA E.P. 1003 DE VISTA ALEGRE A ARENTIA. BOIMORTO".	27.007,71
MELLORA DA SEGURIDADE NA E.P. 0104 DE REXIDOIRA A PRAIA DE BALDAIO, P.K. 11+260 Ó 12+260. CESURAS".	107.157,24
MELLORA DA SEGURIDADE NA E.P. 0106 DE AMEAS A OZA DOS RIOS, P.K. 3+430 Ó 4+060. ABEGONDO".	199.684,09
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9302 DE ZAS A ROMELLE E FORCADELA P.K. 0,470 AÓ P.K. 0,700. ZAS."	121.130,09
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 1104 DE BOIRO A PONTE DE SAN FRANCISCO P.K. 7,050 AÓ P.K. 8,500. BOIRO".	298.778,61
TRAVESÍA NA E.P. 7202 RIANXO A BURES POR ASADOS P.K. 0,45 AO P.K. 1,45. RIANXO".	649.129,42
TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 0103 REXIDOIRA A PRAIA DE BALDAIO (TRAMO CARRAL) DENDE P.K. 3+570 AO 4+840.	155.304,79
BEIRARRÚAS NA E.P. 3003 DE SAN PEDRO DE VISMA A MAZAIDO. A CORUÑA".	178.797,01
TRAVESÍA DE LIÑARES (BRION) NA E.P. 1301 DA GÁNDARA Á AMANECIDA, DO P.K. 0+370 AO P.K. 0+650. BRION"	146.592,77
TRAVESÍA DE LUAÑA NA E.P. 1301 DA GÁNDARA Á AMANECIDA P.K. 8+550 AO P.K. 8+740 (BRIÓN-A CORUÑA)".	95.000,21
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 0102 DE LEMA A ORTO P.K. 0+000 AÓ P.K. 2+600. CAMBRE".	363.157,00
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 1002 DE BOIMORTO A MUROS	415.095,41

POLA GÁNDARA, P.K. 0+000 AO P.K. 0+860. BOIMORTO".	
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 1601 ENTRE PONTE DO PORTO A CAMELLE P.K. 4,2 A P.K. 4,42. CAMARIÑAS".	116.685,51
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 7304 DE XARAS A OLVEIRA P.K. 1,64 A P.K.3,99 . RIBEIRA".	369.158,86
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 1704 DE CAMBRE A CARRAL P.K. 5+920 Ó P.K. 9+840. CARRAL".	576.874,28
TOTAL	7.525.002,13

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011 unha vez aprobadas definitivamente estas polo Pleno da Corporación.”

14.-APROBAR TECNICAMENTE OS PROXECTOS QUE INTEGRARÁN A DUODÉCIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, DE ACORDO CO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “Modificar o acordo plenario nº 15 con data do 30-6-2005 no sentido de incluír no PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 as obras incluídas no proxecto que se relaciona:

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
ENLACE DA E.P. 7201 RAMPA A RIANXIÑO (RIANXO)	505.025,44

A citada modificación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a DUODÉCIMA RELACION DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN EXPROPIACIÓNS)	PARA DA PARA
ENLACE DA E.P. 7201 RAMPA A RIANXIÑO (RIANXO)	505.025,44	95.111,76	
PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0205 DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA. PROXECTO DE GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA BOLA	370.625,85	74.235,34	

(AMES)		
TOTAIS	875.651,29	169.347,10

- De conformidade co disposto no art. 8.2º da Lei 25/88 de estradas e 15 da Lei de expropiación forzosa, incluír na relación de bens e dereitos afectados do proxecto de MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0205 DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA. PROXECTO DE GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA BOLA (AMES) os que figuran afectados como consecuencia do PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0205 DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA. PROXECTO DE GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA BOLA (AMES) e que non están recollidos no proxecto inicial.
- Expoñer ao público o proxecto ENLACE DA E.P. 7201 RAMPA A RIANXIÑO (RIANXO) mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.
 - Expoñer ao público o PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0205 DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA. PROXECTO DE GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA BOLA (AMES) así como a relación de propiedades, bens e dereitos afectados pola execución das obras indicadas e non recollidos no proxecto inicial, mediante anuncio a publicar no BOP para que dentro do prazo de 15 días poidan facer as alegacións que consideren oportuna, transcorrido o cal sen que se producisen, considerarase definitivamente aprobado.
- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
ENLACE DA E.P. 7201 RAMPA A RIANXIÑO (RIANXO)	<ul style="list-style-type: none"> - O presente proxecto ten por obxecto a ampliación de trazado da EP 7201 ata enlazar coa EP 3301 servindo como saída do núcleo rianxeiro -a EP 7201 ten un largo de calzada de 6 metros (2 carrís de 3 metros), 2 beiravías de 0,50 e a EP 3301 un largo de 7 metros (dous carrís de 3,50) e unhas beirarrúas de 1,50 por ambas marxes, polo que se proxectan dous carrís de 3,50 metros e dúas beiravías de 1,50 como sección xenérica para todo o tramo. -Proxectouse un carril central na EP 3301, refórzase o largo da EP 3301 en toda a intersección e proxectouse a reposición de beirarrúa e bordo na EP 3301 -Proxectouse a construción de cunetas revestidas sobre pé de desmorte para canalización de escorrentía ata o leito natural e repone

a rede de pluviais nas beirarrúas da EP 3301

-Á hora de realizar o trazado e dado que se atopa en gran parte do seu percorrido entre edificacións existentes, conseguiuuse que non se expropie vivenda ningunha. Por outro lado está formado por tres alineacións curvas en S para proporcionar unha condución cómoda e segura dada a importante pendente do tramo

-Proxéctase a construción dunha glorieta no PK 0,00 para a reordenación do cruzamento actual entre a EP 7201 con dous camiños municipais existentes e o novo tramo da estrada proxectado, e é de especial interese para a ordenación de tráfico pesado que accede e sae de Rianxo procedentes do porto.

-Proxectouse a construción da intersección coa EP 3301 cun enlace en forma de T e unha semirrotonda, con carril central de espera e manobra na EP 3301 (cun largo de 3 metros sendo o ancho total da plataforma 10 metros). A morfoloxía da intersección proxectada permite ademais dos catro movementos de entrada e saída entre a EP 7201 e a EP 3301 en ambos sentidos, o cambio de sentido.

- Proxéctase unha mellora de trazado na EP 3301 no tramo 0+234 ao 0+356 trazando dúas novas alineacións curvas de 70 metros

- Optimizouse a rasante na medida do posible, sen comprometer economicamente nin ambientalmente cun volume de terras desproporcionado

-Na actualidade a estrada presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgunhas zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno.

- Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos.

-A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.

- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria .

- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos

Todo iso a fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.
- Someter a información pública o expediente de expropiación para a execución das obras ENLACE DA E.P. 7201 RAMPA A RIANXIÑO (RIANXO) mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

15.-APROBACIÓN DE RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a rectificación anual do Inventario de Bens da Excma. Deputación Provincial da Coruña

2.- Que de conformidade co artigo 32 do R.D. 1372/1986 do 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, se remita o inventario rectificado aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai dúas mocións que se presentaron hai escasamente media hora no Rexistro, do Partido Popular, unha moción con motivo da conmemoración do día 8 de marzo, Día Internacional da Muller, e outra relativa á mellora das interseccións entre a estrada provincial 512 e a estrada 181 Dorneda-Oleiros, como foron presentadas hai media hora non están incluídas na orde do día e, polo tanto, antes de pasar a debater e votar se procede imos debater a urxencia. Ten a palabra a representante do Partido Popular para presentar a moción sobre o Día Internacional da Muller.

Sra. Farjas Abadía

Bos días a todos, presentamos unha moción baseada na proposta ou os elementos que entendemos que fundamentan a evidencia de necesidade de aprobación da urxencia, hai dous factores, un é a proximidade do día 8, co cal é evidente que non tería obxecto aprobar esta moción con posterioridade ou, polo menos, non tería a relevancia e significación que ten o manifesto nestas datas nas que nos atopamos. A segunda é moito máis dolorosa, dado o contexto da grave situación de aumento nos últimos días de mortes de mulleres que sufriron violencia de xénero, cremos que os dous son factores de suficiente relevancia como para xustificar o traer esta moción hoxe ao Pleno.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, bos días a todos. Realmente esta moción diríamos que ten unha cuestión de fondo, unha cuestión de forma e unha cuestión de oportunidade, eu diría mellor de inoportunidade.

Con respecto á cuestión de fondo somos coincidentes nalgúns aspectos desta. Quero aquí aproveitar en nome do Grupo Provincial Socialista para rexeitar de novo todas aquelas violencias de xénero, e as máis recentes, un día foron un número de catro, que se están producindo en distintos puntos de España. Pero todos sabemos que esta cuestión de fondo, que podería ser coincidente, debería de estar avalada por unha declaración institucional de todos os grupos, e así paso á cuestión de forma, porque é unha declaración institucional, porque seríamos practicamente coincidentes nos distintos aspectos que aquí expón o Partido Popular, e as formas, indubidablemente, non pode ser que media hora antes desta sesión plenaria nos decatemos dos seus contidos, se fose antes sentariámonos os distintos voceiros, fariase unha negociación e chegaríase, sen lugar a dúbidas, porque se fixo hai un ano, hai un ano fíxose unha declaración de todos os grupos condenando todos estes actos execrables e que, indubidablemente, condenamos de forma enérxica.

E falaba logo da oportunidade, mellor dito, dixen da inoportunidade. Penso que igual se quere traer aquí algo que non se debe de traer ás institucións. As campañas electorais débense de facer nos lugares onde hai que facer as campañas electorais, non nas institucións. Por iso, Sra. Farjas, cando vostede falaba do día 8, eu creo que igual intentaba no seu subconsciente falar do día 9, o día 9, e aquí o que tratamos é de que esta institución leve a efecto todos as súas canles, que esta é unha canle debida, pero unha canle que cremos que non é adecuada, si posiblemente no fondo, non na forma, e que é inoportuno.

Polo tanto, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, o Grupo Socialista vaise opoñer a que esta moción sexa declarada de urxencia.

Sra. Pérez Fernández

Moi bo día a todas e a todos. Atopámonos cunha moción de urxencia por parte do Partido Popular, tal e como se vén repetindo nas últimas sesións plenarias, entregada hai escasamente unha hora no Rexistro da Deputación provincial. Para empezar, a nós isto non nos parece lóxico porque, Sra. Farjas, vostede deu como argumentación que unha das razóns de presentación da moción é a proximidade do 8 de marzo, pero é que resulta que o 1 de xaneiro xa sabiamos que o 8 de marzo ía ser 8 de marzo, efectivamente, -si, pero eu non estou presentando unha moción por urxencia, Sra. Farjas-, ben, o 1 de xaneiro todos e todas sabiamos que o 8 de marzo era o 8 de marzo, igual que o é todos os anos, claro, o que non lembro ben se sabiamos o 1 de xaneiro é se as eleccións ían ser o 9 de marzo. Entón, fundamentalmente, a nós isto entregado desta forma non nos parece lóxico, é dicir, nós pensamos que estas cousas se poden facer doutra maneira.

En segundo lugar, a nós pódenos parecer moi ben que vostedes teñan todas estas inquietudes que reflecten aquí na parte do acordo da moción, pero evidentemente o que non se nos pode pedir aos demais grupos unha hora antes do Pleno é que votemos a favor, non só da urxencia, senón desta moción, porque esta moción recolle

integramente o programa do Partido Popular. Como resulta que o Bloque Nacionalista Galego e probablemente os outros grupos tamén temos os nosos respectivos programas electorais, imos a expoñelos onde temos que expoñelos que é nos mitins, falando coa xente e cos veciños, e ás institucións, evidentemente, imos traer outra serie de cousas, como por exemplo son acordos institucionais entre os tres grupos, que podía ser perfectamente esta unha ocasión moi boa, dado ademais o contorno último dos últimos días onde se sucederon, efectivamente, tantos casos de violencia de xénero, e podía ser unha ocasión moi boa, máis ao mellor que noutros momentos, de chegar a un acordo entre os tres grupos, porque estou segura que en distintas cuestións, non en todas, evidentemente das que vostedes expoñen aquí, pero estou segura que en distintas cuestións seríamos capaces de poñernos de acordo, polo menos en cuestións básicas.

Despois hai outra cuestión, evidentemente, que cando menos, ao Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego non lle pode pasar desapercibida, é dicir, vostedes fan aquí na súa moción unha serie de solicitudes de instar ao Goberno do estado español e esquécese absolutamente, como lles pasa por desgraza en moitísimas ocasións, que temos un goberno galego que ten unhas transferencias determinadas transferidas, e que moitas das alusións que vostedes fan na parte do acordo da moción, son competencias do goberno galego, polo tanto, nós entendemos que non hai que instar a ningún goberno do Estado español.

Doutra banda, tamén me parece, e perdóeme tamén que o diga con esta rotundidade e con esta claridade, á parte do electoralismo e o oportunismo desta moción, paréceme a min e parécenos a nós, ao Grupo Provincial do BNG, que caen vostedes, como tamén noutras moitas ocasións, nunha incoherencia e nun paradoxo que só é, efectivamente, mostra de que non teñen vostedes para nada claro esta cuestión, é dicir, vostedes falan entre outras cuestións aquí dunha Lei de igualdade, e remato Sr. Presidente, dunha Lei de igualdade á que, lembro, quero lembrar aquí tamén aos membros do Partido Popular, que vostedes votaron en contra no momento oportuno, e non só isto, senón que ademais a recorreron xudicialmente, co cal, realmente a nós isto parécenos unha incongruencia e que vostedes nos traia aquí as súas incongruencias, aínda me parece peor.

Polo tanto, Sr. Presidente, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego está en contra da urxencia desta moción, sobre todo pola forma pero tamén, evidentemente, polo fondo.

Sr. Presidente

Brevemente, Sra. Farjas, e non esqueza que estamos discutindo a urxencia, non estamos discutindo o fondo da formulación.

Sra. Farjas Abadía

Gustaríame que llo recordara ás dúas intervencións previas, que estabamos discutindo exactamente a urxencia, non o contido. Si quero aseverar tres puntos. Primeiro, a incongruencia, a dos grupos políticos que estando no goberno desta deputación non tiveron a concienciación social de traer a proposta, polo tanto, o único que se pon en evidencia é a oportunidade, e estivemos esperando e non houbo ningunha proposta, polo tanto, o Partido Popular que é o que está na oposición é o que si trae unha proposta concreta, que se trae a debate a súa urxencia. A incongruencia a daqueles partidos que en distintos concellos están presentando mocións con contido moi próximo e aquí non queren aprobala, e desde logo, o único inoportuno que eu atopei nesta mañá foron as súas declaracións, no contexto social no que neste momento nos atopamos.

Sr. Presidente

Non hai máis debate, eu quéro lle lembrar á Sra. Farjas que antes de que ela fose deputada, neste Pleno xa se aprobaron mocións con motivo do Día da Igualdade da Muller e con motivo da violencia de xénero, non é unha cousa nova. E tamén facer un rogo, cando se presente unha moción, se é posible, que se presente cun día ou dous de antelación, porque nos dá tempo a estudala e decidir o voto, incluso a consensuar, porque se isto se expuxese hai dous ou tres días, poderíamos facer unha declaración institucional ou unha moción aprobada por todos, pero claro, media hora antes, e cando hai contido político, cada un ten o seu programa, as súas aspiracións e é difícil chegar a un acordo porque materialmente non hai tempo.

Non se declara a urxencia porque non acada os votos necesarios e, polo tanto, decae a moción. E a seguinte moción é en relación á mellora da intersección na estrada provincial 512 e a estrada comarcal 181 Dorneda-Oleiros.

O presidente declara decaída a moción ao non dispoñer o grupo PP dos votos necesarios (maioría absoluta) para a aprobación da súa urxencia.

Sr. Cobián

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, o motivo da urxencia desta moción é a necesidade imperiosa que temos de pasar das palabras aos feitos e facelo tamén da forma máis rápida posible. Este Grupo Provincial cre que entre os motivos que avalan as actuacións desta deputación en materia de estradas, como non podería ser doutra forma, é a seguridade dos viandantes e os condutores.

A intersección entre a estrada provincial 5812 que vai de Santa Cruz a Meirás e a autonómica 181 que vai de Santa María de Oleiros a Arillo, coñecida como o cruce de Abeleiras, na parroquia de Dorneda, é un dos principais puntos negros de tráfico no municipio de Oleiros.

Todas as semanas, desde hai moitísimo tempo, houbo un accidente, de maior ou menor gravidade, moitos deles con feridos, e desde hai uns días o balance deste punto negro inclúe desgrazadamente unha vítima mortal. Pero este asunto non é o motivo da urxencia desta iniciativa, a preocupación do Grupo Provincial do Partido Popular por este problema vén desde moito atrás. Rapidamente quero dicir que desde o inicio desta lexislatura este grupo interesouse pola necesidade de completar as obras de mellora neste punto, o día 1 de outubro, concretamente, a pedimento de varios veciños, presentouse unha iniciativa por parte deste Grupo Provincial por escrito, para coñecer as actuacións previstas que tiña o goberno da Deputación para mellorar a seguridade neste cruce, nesta intersección, e despois de cinco meses, Sr. Presidente, concretamente o pasado día 20 de febreiro, nunha Comisión de Vías e Obras, entregóuseme un plano elaborado polos servizos técnicos desta deputación no que se recolle a construción dunha glorieta de beirarrúas e de viandantes que ensino a seguir, e este é o plano que se me entregou na Comisión de Vías e Obras.

Entendemos que non se pode seguir esperando o próximo accidente, Sr. Presidente, é preciso xa de contado pór o procedemento necesario para sacar adiante esta actuación, porque como todos sabemos hai uns trámites que son ineludibles e que levan o seu tempo. O ciclo aproximado desde a redacción do proxecto ata a súa execución, podemos estar falando tranquilamente entre 10 e 12 meses para ter esta obra terminada, e falamos, como todo o mundo coñece, da redacción do proxecto, que pode levar un ou dous meses, o procedemento de urxente ocupación, o prazo de presentación de alegacións, a redacción de actas, o pagamento de depósitos, buscar o financiamento a través dalgún plan e, por último, a execución.

Creo que, Sras. e Sres. deputados, tendo todo isto en conta, creo que é suficiente a urxencia desta moción que traemos hoxe a Pleno para solicitar tres cousas: a primeira, a redacción inmediata do proxecto de mellora do cruce de Abeleiras; a segunda, solicitar da Xunta a urxente ocupación dos terreos necesarios, e a terceira, a elaboración dun mapa de riscos, dun mapa de puntos negros na provincia, que a día de hoxe non existe. Nada máis e moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Cobián. Non cabe dúbida de que a deputación sempre tivo unha especial sensibilidade coa cuestión da seguridade viaria, de feito, desde hai moitos anos, este goberno e outros gobernos anteriores dedicaron esforzos financeiros importantes á construción de travesías, precisamente para mellorar a seguridade viaria e fundamentalmente a seguridade dos viandantes. Ademais diso faise unha sinalización horizontal e vertical, eu creo que podemos dicir que as estradas da deputación están ben.

Con motivo dos fondos europeos previmos unha actuación en todas as estradas dos concellos de menos de 20.000 habitantes, estradas provinciais, tamén tendentes a mellorar a seguridade viaria que aprobamos nun punto anterior deste Pleno, e se o afán

da presentación desta moción é resolver o problema, eu pídolle que a retire, en caso contrario votaremos en contra da urxencia, dígolle porqué. Porque esta obra vaina facer a Xunta, e é máis rápido que a faga a Xunta que a faga a Deputación, porque como vostede dixo ben temos que redactar proxectos, redactar proxectos de expropiación, comunicar aos expropiados, rematar actas, pedir o permiso á Xunta para a urxente negociación, van meses.

Sei que hoxe houbo reunións entre o Concello e a Xunta, e creo que estaba o secretario xeral da Consellería co enxeñeiro Sr. Astor falando deste tema, a Xunta vai facer esta obra, non a vai facer a Deputación, é unha intersección entre unha estrada provincial e unha estrada autonómica, e o que se me di é que se no prazo dun mes o Concello pon a disposición da Xunta de Galicia os terreos, e creo que xa chegaron a un acordo cunha antiga sala de festas para poñer os terreos a disposición, e en cinco ou seis meses a glorieta pode estar construída. Polo tanto, se lle vale esta explicación, pode retirar a moción, e se non, dicímoslle que non imos aprobar a urxencia porque non hai ningunha urxencia, porque xa se está traballando, e porque é un tema que se vai acometer e se vai resolver, e vaino acometer e vaino resolver a Xunta de Galicia.

Sr. Cobián

Dicirlle que me dá a impresión que a esta deputación, a este goberno da deputación, non lle interesa a seguridade viaria, ou non lle dá a prioridade que se merece, Sr. Presidente, e dígollo, soamente como exemplo, que non hai moito aprobamos uns proxectos dos fondos FEDER, onde curiosamente neses tres proxectos que leva esta deputación, a seguridade viaria ía como segunda prioridade, e priorizando o aforro enerxético. Pero dicirlle, Sr. Presidente, que nós presentamos esta proposta porque entendemos que esta institución é á que lle debe corresponder tomar esta iniciativa neste sentido, e así nolo indicaron os técnicos desta deputación cando consultamos as posibles medidas a tomar. O criterio, que eu saiba ata agora, que veñen tomando as administracións, é que sexa a administración titular da vía principal a que tome esta iniciativa, e neste caso, a vía principal é da deputación porque os stops están colocados na vía autonómica. En Oleiros, como vostede ben sabe, Sr. Presidente, existe outro punto negro na rede viaria da provincia, concretamente na parroquia de Nós, e vostede coñéceo porque vostede, tanto vostede como o Sr. Luís Vázquez, o secretario xeral técnico da Consellería de Política Territorial, son veciños de Oleiros. Este cruce na parroquia de Nós que é a estrada provincial 4707 que vai de Oleiros a Pravio e a AC 221 que vai de San Pedro de Nós a Cecebre, é da Xunta, neste caso a vía principal é da Xunta, e aí xa corresponderá no momento oportuno tomar a iniciativa para mellorar a seguridade viaria. Pero ben, ademais, esta non é a primeira vez que se trata esta cuestión porque en outubro, cando nós presentamos a iniciativa, en ningún momento se puxo en cuestión, en ningún momento, nin por parte dos técnicos nin por parte tampouco do deputado de Vías e Obras quen era o órgano competente e a quen lle correspondía a iniciativa de facer esta obra. É máis, os propios servizos técnicos, como dixen antes, da deputación, elaboraron un plan de proposta de mellora neste enlace, e despois de catro meses non se nos dixo absolutamente nada.

En todo caso, o que quero dicirlle, Sr. Presidente, é que este grupo provincial non ten inconveniente, como non podería ser para mellorar os tempos de execución desta obra, que sexa asumida por outra administración, pero querémoslle reiterar que o noso grupo non vai permitir que ninguén trate de botar balóns fóra, e substituír un acordo firme que podemos levar con esta moción neste Pleno, por un compromiso baleiro de contido e sen garantías de ningún tipo. Propoñemos que a Deputación leve a cabo esta obra, e se o que se pretende é trasladar a obriga a outra Administración, o único que lle desexamos, e lle pedimos, é esixir garantías. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Cobián, xa me parecía a min que vostede non quere resolver o problema e quere saír nos periódicos, se vostede quere resolver o problema de verdade, e fala de prazos de verdade, non hai ningunha obriga da Xunta ou a Deputación de facer isto, pódeo facer a Xunta ou a Deputación, é un entronque entre dúas estradas, se a Xunta di que o fai, e que ten o financiamento para facelo, se vostede quere resolver o problema, terá que aplaudir, porque se o facemos nós, teremos que encargar o proxecto, temos que facer un proxecto de expropiación, temos que comunicalo aos afectados que lles imos expropiar e mandar a valoración, darlles un prazo de alegacións, mandalo á Xunta, que a Xunta nos permita ocupar, ocupar os terreos, adxudicar a obra e esperar a que se faga, e desta forma, se a Xunta o vai facer e ten o orzamento, porque o vai meter no Orzamento dunha actuación que está facendo alí, pois mellor aínda, que problema hai?, que queremos, resolver o problema?, pois o problema está resolto, resólveo a Xunta, e resólveo máis rápido.

Polo tanto, lamentablemente, imos votar en contra da urxencia, porque non hai ningunha urxencia, porque é unha cuestión sobre a que xa se está traballando e sobre a que se vai actuar.

Xa non hai máis palabras, creo que deixamos clara a postura dun e doutro. Foi vostede citado, non aludido, non ten a palabra.

Sr. Cobián

Moi pouco serio pola súa banda o que acaba de dicir, diante dunha situación moi grave. O único que lle vou dicir é o que me lembrou hai moi pouco tempo a nai desa falecida que me dixo “Sr. Cobián, se esa rotonda estivese construída, a miña filla estaría aquí connosco, leváronma, leváronma” Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Si, Sr. Cobián, xa vexo que incide vostede.

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados e deputadas, soamente agradecerlle ao presidente da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas a remisión do Orzamento xeral para o presente exercicio 2008 en formato CD, e grazas porque será estudado e será valorado positivamente.

O presidente declara decaída a moción ao non dispoñer o grupo PP dos votos necesarios (maioría absoluta) para a aprobación da súa urxencia.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta e un minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.